

PERMISOS, LICENZAS, REDUCIÓN DE XORNADA E EXCEDENCIAS



- » Orde do 29 de xaneiro de 2016
DOG 15-02-2016
- » Orde do 24 de febreiro de 2016
DOG 1-03-2016
- » Lei 9/2017 de 26 de decembro
DOG 28-12-2017
- » Lei 3/2018 de 26 de decembro
DOG 28-12-2018
- » Real Decreto Lei 6/2019
BOE 8-03-2021
- » Lei 4/2021
DOG 29-01-2021



XUNTA
DE GALICIA

Permiso por falecemento, accidente ou enfermidade graves, hospitalización ou intervención cirúrxica dun familiar

Art. 3

- Nos casos de **falecemento** do cónxuxe ou parella de feito ou dun familiar dentro do **primeiro grao de consanguinidade** ou afinidade o persoal funcionario ten dereito a un permiso de **tres días hábiles** cando o suceso se produce na mesma localidade e de **cinco días hábiles** se se produce en distinta localidade.
Nos casos de **falecemento** dun familiar dentro do **segundo grao** de consanguinidade ou afinidade, o persoal funcionario ten dereito a un permiso de **dous días hábiles** cando se produza na mesma localidade e de **catro días hábiles** cando sexa en distinta.
- Nos casos de **accidente, enfermidade grave, hospitalización ou intervención cirúrxica sen hospitalización que precise repouso domiciliario**, o persoal funcionario ten dereito a **cinco días hábiles** cando se trate do cónxuxe, parella de feito ou parentes ata o primeiro grao por consanguinidade ou afinidade, así como de calquera outra persoa que conviva co funcionario ou funcionaria no mesmo domicilio e que requira o coidado efectivo daquela.
Cando se trate dun familiar **dentro do segundo grao de consanguinidade ou afinidade, o permiso será de catro días hábiles**. (Real Decreto-lei 5/2023, do 28 de xuño).
- Nos casos de falecemento, os días nos que se faga uso deste permiso deberán ser consecutivos e inmediatamente posteriores ao feito que xera o dereito a el. Nos demais casos, poderá facerse uso dos días de forma descontinua mentres persista o feito causante e ata o máximo de días establecido.
Computarase, en todos os casos, o día do feito causante unicamente cando a persoa non preste servizos ese día e lle correspondese prestalos.
- Para os efectos do gozo deste permiso, considéranse inhábiles os sábados, domingos e festivos.
- No caso de hospitalización, entenderase que esta se produce cando supoña a estancia hospitalaria que inclúe una noite e unha comida principal no centro hospitalario. Neste caso, se os días de hospitalización son inferiores ao tempo máximo deste permiso, este quedará limitado aos días de hospitalización, agás que esta hospitalización leve aparelado repouso domiciliario, que entón este tempo computarase para completar o período máximo permitido.
- Para os efectos de determinar a duración do permiso, terase en conta a localidade de residencia que o funcionario ou funcionaria comunicase previamente ao centro educativo ou, no seu defecto, á Administración educativa.
No caso de intervención cirúrxica sen hospitalización que requira repouso domiciliario, será a localidade na que se realice o repouso domiciliario a que debe tomarse como referencia con respecto ao termo municipal da residencia da persoa funcionaria. Neste caso, se os días de repouso domiciliario son inferiores ao tempo máximo deste permiso, este quedará limitado aos días do repouso domiciliario.
- Se durante o gozo deste permiso sobrevén o falecemento do familiar, suspenderase o permiso que se viña gozando e iniciárase o cómputo dun novo permiso.

Retribuído Anexo V DIR


 - As direccións dos centros determinarán os documentos xustificativos necesarios.

Permisos por traslado de domicilio

Art. 4

- O persoal funcionario ten dereito a un permiso por traslado de domicilio **dun día natural se o traslado ten lugar dentro da mesma localidade e dous días naturais se implica cambio de residencia a outra localidade**.
- Se a unidade familiar está integrada por dúas ou máis persoas, o permiso previsto neste apartado é de **dous días naturais se ten lugar dentro da mesma localidade e de catro días naturais se implica cambio de residencia a outra localidade**.
- Para os efectos de aplicación deste permiso, enténdese que existe traslado de domicilio cando este se produza no marco dunha prestación de servizos continuada. Non se terá dereito a este permiso por traslado de domicilio derivado da adxudicación do primeiro destino como funcionario, interino ou substituto, ou de novo destino adxudicado por nomeamento, resolución de concurso de traslados, comisión de servizos, adscrición, destinos provisionais ou outras análogas.
- O permiso enténdese referido ao día no que se produza o efectivo traslado de domicilio e, cando teña unha duración superior a un día natural, gozarse con carácter ininterrompido.

Retribuído Anexo V DIR

-  - Certificado ou certificados de empadramento.
- Informe do traballador social no cal acredite as persoas que conforman a unidade familiar.

Permiso para a realización de funcións sindicais, de formación sindical ou de representación do persoal

Art. 5

O persoal funcionario ten dereito aos permisos necesarios para a realización de funcións sindicais, de formación sindical ou de representación do persoal nos termos legal ou regulamentariamente establecidos.

Retribuído Anexo V X.T.

Permiso para concorrer a exames finais, probas definitivas de aptitude e probas selectivas no ámbito do emprego público

Art. 6

O persoal funcionario ten dereito a un permiso para concorrer a exames finais ou outras probas definitivas de aptitude, así como para concorrer a probas selectivas no ámbito do emprego público.


No termo exames finais están incluídos tamén os parciais que sexan liberatorios dunha parte do programa.

Os exames finais ou probas de aptitude deberán estar convocados por centros oficiais.

O permiso abranguerá todo o día no que se realicen as probas. Cando a interesada ou interesado tivese que desprazarse, o permiso ampliarase, se fose necesario, no tempo mínimo necesario para as viaxes de ida e volta.

Cando o exame ou proba de aptitude teña lugar nun día non lectivo, non procede a concesión do permiso, agás naqueles supostos nos que fose necesario efectuar o desprazamento en período lectivo

Retribuído Anexo IV DIR


-  - Documento acreditativo da asistencia á proba de aptitude, exame final ou proba de acceso ou ingreso á función pública no cal figure o lugar, a data e o centro de realización.

Permiso por lactación dun fillo menor de 12 meses

Art. 7

1. Terán dereito a este permiso a nai biolóxica e o outro proxenitor diferente da nai biolóxica.
Este permiso constitúe un dereito individual do empregado público, non é transferible.
2. O dereito consiste nunha hora de ausencia ao traballo que poderá dividirse en dúas fraccións. Poderá optarse por unha redución de xornada de media hora ao inicio e á fin da xornada ou ben unha hora ao inicio ou á fin.
3. Como se establece no artigo 7.3 da Orde do 29 de xaneiro de 2016 pola que se regula o réxime de permisos, licenzas e vacacións do persoal docente que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, o tempo correspondente a este permiso pode acumularse total ou parcialmente en xornadas completas, ata un máximo de catro semanas. Esta modalidade poderase gozar unicamente a partir da finalización do permiso por nacemento, adopción, garda, acollemento ou poderá gozalo o proxenitor diferente da nai biolóxica respectiva, ou unha vez que, desde o nacemento do menor, transcorrese un tempo equivalente ao que comprenden os citados permisos. Polo tanto, o proxenitor diferente da nai biolóxica poderá iniciar o gozo deste permiso:
 - No ano 2021, ao transcorrer 16 semanas desde o nacemento, da decisión xudicial de garda con fins de adopción ou acollemento ou da decisión xudicial pola que se constituía a adopción.
 - A nai biolóxica ou a persoa que goce do permiso por adopción, por garda con fins de adopción ou acollemento, tanto temporal como permanente, gozará deste permiso a partir das 22 semanas ou, se fose o caso, das semanas que coa ampliación do permiso procedesen.
4. No caso de gozar deste permiso por xornadas completas, tenderase a que estas sexan, como mínimo, de dúas semanas continuadas.
5. Nos supostos de adopción ou acollemento, o dereito ao permiso por lactación pode exercerse durante o ano seguinte á efectividade da resolución xudicial ou administrativa de adopción ou acollemento, sempre que no momento desa efectividade o menor non fixese os doce meses.
6. Nos supostos de parto, adopción ou acollemento múltiple, a duración do permiso por lactación incrementarase en proporción ao número de fillos.
7. Cando non se produza a acumulación en xornadas completas, no caso de conflito entre os dereitos do alumnado e do profesorado, a hora diaria de ausencia ao traballo terase que gozar no horario complementario fixo ou de obrigada permanencia no centro.
8. O persoal substituído terá dereito a acumular a hora de lactación e a gozar dos días, en proporción aos servizos prestados, desde que remate o permiso por parto ou adopción ou acollemento ata que finalice o curso escolar ou o fillo ou filla cumpra os doce meses.
9. A duración deste permiso non se verá incrementada polo feito de que a nai biolóxica ou o outro proxenitor distinto da nai biolóxica non poidan gozar del, por calquera circunstancia.
10. O gozo deste permiso en xornadas completas non ten que realizarse inmediatamente despois das vinte e dúas semanas desde o nacemento sempre que se goce con anterioridade a que o fillo ou filla faga os doce meses.

Retribuído Anexo IV X.T.


 - Fotocopia cotexada do libro de familia ou inscrición de nacemento no Rexistro Civil da filla ou fillo menor que xera o dereito o permiso.

Por nacemento de fillos prematuros ou que por calquera outra causa deban permanecer hospitalizados a continuación do parto

Art. 8

1. Nos casos de nacemento de fillos prematuros ou que por calquera outra causa deban permanecer hospitalizados a continuación do parto, o persoal funcionario **terá dereito a ausentarse do posto de traballo durante un máximo de dúas horas diarias mentres dure o período de hospitalización, coa percepción íntegra das súas retribucións.**
2. Así mesmo, nestes mesmos casos o persoal funcionario ten dereito a unha redución da súa xornada de traballo diaria ata un máximo de dúas horas, coa diminución proporcional das súas retribucións.
3. Mentres a filla ou fillo prematuro permaneza no centro hospitalario, poderá facerse uso acumulado dos dereitos previstos nos parágrafos 1 e 2, coas repercusións retributivas que en cada caso se indican. A redución de xornada con dedución retributiva prevista no parágrafo 2 procederá tamén a partir da alta hospitalaria mentres a filla ou fillo prematuro precise cuidados polo tempo que determine o informe médico.
4. No caso de conflito entre os dereitos do alumnado e do profesorado, as horas diarias de ausencia ao traballo teranse que gozar no horario complementario fixo.

Retribuído Anexo IV X.T.

-  - Fotocopia cotexada da partida de nacemento da filla ou fillo que xera o dereito ao permiso.
- Documento que acredite a hospitalización da filla ou fillo que xera o dereito ao permiso ou da condición de prematuro.


Permiso para a realización de exames prenatais e técnicas de preparación ao parto

Art. 9

As funcionarias embarazadas **terán dereito aos permisos necesarios para a realización de exames prenatais e técnicas de preparación ao parto e, nos casos de adopción ou acollemento, ou garda con fins de adopción, para a asistencia ás preceptivas sesións de información e preparación e para a realización dos preceptivos informes psicolóxicos e sociais previos á declaración de idoneidade, polo tempo necesario para a súa práctica e logo de xustificación da necesidade da súa realización dentro da xornada de traballo.**

O persoal funcionario terá o mesmo dereito e nas mesmas condicións, para acompañar o seu cónxuxe ou parella de feito á realización de exames prenatais e técnicas de preparación ao parto, para a asistencia ás preceptivas sesións de información e preparación e para a realización dos preceptivos informes psicolóxicos e sociais previos á declaración de idoneidade.

Retribuído Anexo V DIR

-  - Documento xustificativo da necesidade de realización de exames prenatais e técnicas de preparación ao parto dentro da xornada laboral e o documento de asistencia.
- Documento xustificativo da necesidade de asistencia ás preceptivas sesións de información e preparación e para a realización dos preceptivos informes psicolóxicos e sociais previos á declaración de idoneidade nos casos de adopción ou acollemento, ou garda con fins de adopción e o documento de asistencia.
- Fotocopia cotexada do libro de familia ou da inscrición no Rexistro Oficial de Parellas de Feito (só no caso de que o cónxuxe ou parella de feito acompañe a persoa que xera o dereito).

Permiso para a realización de tratamentos de fecundación asistida

Art. 10

1. O persoal funcionario docente ten dereito aos permisos retribuídos necesarios para a realización de tratamentos de fecundación asistida. A duración destes permisos limitarase ao tempo preciso para a práctica dos devanditos tratamentos e a súa concesión condiciónase á xustificación previa da necesidade de realizar aqueles dentro da xornada de traballo. Se a necesidade de desprazamento para recibir o tratamento o xustifica, a duración do permiso será de dous días hábiles.
2. O persoal funcionario ten o mesmo dereito e nas mesmas condicións para acompañar o seu cónxuxe ou parella de feito a tratamentos de fecundación asistida.

Retribuído Anexo V DIR

- Documento xustificativo da necesidade de realización de tratamentos de fecundación asistida dentro da xornada laboral.
- Fotocopia cotexada do libro de familia ou da inscrición no Rexistro oficial de parellas de feito (só no caso de que o cónxuxe ou parella de feito acompañe a persoa que xera o dereito).

Permiso por matrimonio ou unión de feito

Art. 11

1. Nos casos de matrimonio ou unión de feito, o persoal funcionario **terá dereito a un permiso de quince días naturais ininterrompidos.**
2. O permiso deberase gozar, con carácter xeral, en datas que comprendan o día do feito causante ou inmediatamente despois. Excepcionalmente, e por causa motivada, poderase gozar noutras datas diferentes e sempre dentro do curso académico en que ten lugar o feito causante.
3. Este permiso concederase no caso de parellas de feito, inscritas no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia ou doutra comunidade autónoma.
4. Os conviventes que gocen deste permiso e que con posterioridade contraian matrimonio coa mesma persoa non terán dereito a gozar dun novo permiso por esta causa.

Retribuído Anexo IV X.T.

- Fotocopia cotexada do libro de familia ou da inscrición no Rexistro Oficial de Parellas de Feito.

Permiso por matrimonio de familiares de ata segundo grao de consanguinidade e primeiro de afinidade

Art. 12

O persoal funcionario docente **terá dereito a permiso o día da celebración do matrimonio dos seus familiares de ata segundo grao de consanguinidade e primeiro de afinidade.**

Retribuído Anexo V DIR

Permiso por asuntos particulares

Art. 15

Poderase dispoñer de **ata catro días por curso académico**, como máximo, de permiso para asuntos persoais sen xustificación, atendendo sempre ás necesidades do servizo, **dos cales dous poderán ser en días lectivos.**

Retribuído Anexo V DIR

Permisos por accidente ou enfermidades moi graves

Art. 13

1. Nos supostos de accidente ou enfermidade moi grave do cónxuxe, parella de feito ou dun familiar dentro do primeiro grao de consanguinidade ou afinidade, o persoal funcionario docente terá dereito a un permiso retribuído para atender ao coidado desas persoas, cunha duración máxima de trinta días naturais. Excepcionalmente, poderá gozar deste permiso un familiar en segundo grao cando non existan superviventes de primeiro grao ou estean incapacitados para atender o seu coidado ou se trate de persoas conviventes.
2. Cada accidente ou enfermidade xerará un único permiso que, **dentro da duración máxima de trinta días, se pode empregar de maneira separada ou acumulada.**
3. Se houberse máis dun titular deste dereito polo mesmo feito causante, o tempo de gozo desta redución poderase ratar entre eles, respectando, en todo caso, o prazo máximo de trinta días naturais.
4. O permiso será concedido, logo de informe da inspección médica educativa que determine que o accidente ou a enfermidade é moi grave e a necesidade de coidados para atender á persoa enferma. Poderase solicitar con anterioridade á resolución informe da comisión autonómica de inspectores médicos de educación.
5. **A duración do permiso non poderá ser inferior a sete días naturais.** Estes permisos que se concedan por tempo inferior aos trinta días naturais poderán ser prorrogados, logo de petición do persoal interesado e do informe da inspección médica educativa, sen que a súa duración acumulada poida exceder os trinta días naturais.
6. No caso de gozo do permiso de forma partida ou por máis dun titular, os períodos deste non poderán rematar un venres e reiniciarse o seguinte luns.
7. O permiso finalizará se variasen as circunstancias que deron lugar á súa concesión. Se a súa finalización implicase o inicio do gozo do permiso por falecemento, a substituta ou substituto continuará prestando servizos ata o remate deste último.

Retribuído Anexo IV X.T.

- Documento médico que determine que o accidente ou a enfermidade é moi grave e a necesidade de coidados para atender á persoa enferma.
- En función de quen sexa o suxeito que xere o dereito ao permiso:
 - * Fotocopia cotexada do libro de familia ou da inscrición no Rexistro Oficial de Parellas de Feito ou
 - * Xustificación documental acreditativa de que non existen superviventes de primeiro grao ou están incapacitados para atender o seu coidado ou da convivencia cando excepcionalmente xere o dereito un familiar en segundo grao.

Permisos para a formación militar dos reservistas voluntarios ou dos aspirantes a tal condición

Art. 16

O persoal funcionario que teña a condición de reservista voluntario ou aspire a adquirir tal condición **ten dereito aos permisos necesarios para a realización dos períodos de formación militar**, básica e específica, e de formación continuada previstos na lexislación da carreira militar.

Retribuído Anexo IV X.T.

Permisos para o cumprimento de deberes inescusables de carácter público ou persoal, de deberes relacionados coa conciliación da vida familiar e laboral e mais de asistencia a consultas e revisións médicas

1. O persoal funcionario ten dereito aos permisos necesarios para o cumprimento de deberes inescusables de carácter público ou persoal e de deberes relacionados coa conciliación da vida familiar e laboral. **A duración destes permisos limitarase ao tempo indispensable para o cumprimento dos deberes que os xustifican.**

2. Así mesmo, o persoal funcionario ten dereito a ausentarse do seu posto de traballo durante o tempo indispensable para a asistencia a consultas e revisións médicas, sempre que estas se deban realizar durante a xornada laboral e se atopen incluídas na carteira de servizos do sistema sanitario público, incluído o réxime especial de funcionarios públicos.

3. **Así mesmo, o persoal funcionario ten dereito a ausentarse do seu posto de traballo por causa de enfermidade ou accidente que non dea lugar a unha situación de incapacidade temporal, coa xustificación documental que se relaciona no anexo VI desta orde, sen que sexa de aplicación o desconto na nómina previsto no artigo 146 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia. Enténdese, para estes efectos, que non dan lugar á incapacidade temporal as ausencias do posto de traballo que por enfermidade ou accidente non superan os tres días.**

4. O deber inescusable debe ser persoalísimo, sen posibilidade de execución por medio dun representante ou substituto, e en todo caso, deberá xustificarse debidamente a imposibilidade de cumprimento deste deber fóra da xornada laboral.

5. Para os efectos deste permiso enténdese por deber inescusable de carácter público ou persoal:

- A comparecencia obrigatoria por citacións instadas por órganos xudiciais, comisarias ou calquera outro organismo oficial.
- O cumprimento de deberes cidadáns derivados dun proceso electoral.
- A asistencia a reunións dos órganos de goberno e comisións dependentes destes cando deriven estritamente do cargo electivo de concelleira ou concelleiro, así como de deputada ou deputado ou senadora ou senador.
- Asistencia como membro ás sesións dun tribunal de selección ou provisión, con nomeamento da autoridade competente.
- A realización de visitas dentro dos programas europeos.
- A asistencias ás reunións das comisións das probas de acceso á universidade ou análogas.
- As obrigas cuxo incumprimento xeren á persoa interesada unha responsabilidade de orde civil, penal ou administrativa.
- O emprego do tempo necesario para facer unha doazón de sangue, medula ou plaquetas, de acordo co disposto no Real decreto 1088/2005, do 16 de setembro.
- A asistencia dos deportistas de alto nivel ás competicións de carácter internacional así como ás concentracións preparatorias desas de acordo co disposto no Real decreto 971/2007, do 13 de xullo.
- A asistencia a reunións cando sexa convocado ou convocada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ou polas súas xefaturas territoriais.

6. Para efectos deste permiso, enténdese por deberes relacionados coa conciliación da vida persoal e familiar, entre outros:

- O acompañamento ás revisións médicas ou consultas, aos tratamentos de quimioterapia e radioterapia, así como ás intervencións médicas invasivas (biopsias, colonoscopias, gastroscopias e outras de características similares), das fillas e fillos discapacitados, das fillas e dos fillos menores de idade e das persoas maiores ao seu cargo polo tempo necesario, con aviso previo presentando a solicitude de permiso, na que se sinalará a hora prevista da consulta. No caso de solicitar este permiso para acompañar as fillas e fillos maiores de idade, o cónxuxe ou a parella de feito, deberase acreditar que necesitan acompañamento.

Así mesmo, para estes efectos considéranse persoas maiores a cargo do persoal funcionario os familiares de primeiro grao que,

polo súa idade ou estado de saúde, non se poidan valer por si mesmos para acudir a consulta. Tamén terán esta consideración os familiares de segundo grao con enfermidades moi graves que necesitan seguimento médico estrito e que non se poden valer por si mesmos para ir á consulta, no caso de que estean ao coidado directo da persoa funcionaria ou a cargo desta e sempre que neste último caso non teña familiares de 1.º grao ou que estes sexan maiores e non poidan atendelos.

Cando, con carácter excepcional, este permiso se vaia gozar cunha certa periodicidade, o persoal funcionario docente presentará unha única solicitude con todos os días que previsiblemente vai necesitar, acompañada dos documentos xustificativos pertinentes. Os centros educativos, coa finalidade de evitar a colisión de dereitos do profesorado cos do alumnado á educación, adoptarán as medidas oportunas para a adecuada atención do alumnado que, en casos excepcionais poderá implicar, logo de informe da inspección educativa, o nomeamento de persoal docente substituto.

- A asistencia do pai, nai, titor ou titora ás titorías no centro escolar ao que asisten os seus fillos e fillas ou menores ao seu cargo.
- A asistencia do pai, nai, titor ou titora con fillas ou fillos con discapacidade a reunións de coordinación do seu centro de educación especial.

Retribuído Anexo IV, V X.T. (Art. 14.6a) DIR

a) Deberes inescusables de carácter público ou persoal:

Consonte coa causa que xere o dereito ao permiso, deberase presentar un dos seguintes documentos:

- Orixinal ou copia cotexada da citación ou convocatoria do órgano xudicial, administrativo, de goberno ou calquera outro órgano oficial de que se trate ou das comisións dependentes deles.
- Documento acreditativo de ter a condición de elixible no proceso electoral ou de formar parte dunha mesa electoral.
- Orixinal ou copia cotexada da convocatoria ou/e asistencia a reunión das comisións das probas de acceso á universidade, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou das súas xefaturas territoriais ou do órgano de selección ou provisión, con nomeamento da autoridade competente.
- Orixinal ou copia cotexada da realización de visitas dentro dos programas europeos.
- Documento que acredite a responsabilidade civil, penal, social ou administrativa do interesado e que supoña o cumprimento dunha obriga.
- Documento que acredite a doazón de sangue, medula ou plaquetas de acordo co disposto no Real decreto 1088/2005, do 16 de setembro.
- Documento que acredite a asistencia dos deportistas de alto nivel ás competicións de carácter internacional así como as concentracións preparatorias desas de acordo co disposto no Real decreto 971/2007, do 13 de xullo.

b) Revisións médicas e deberes relacionados coa conciliación da vida persoal e familiar:

- Documento xustificativo da necesidade de realización das revisións médicas dentro da xornada laboral, ou, cando sexa o caso, documento xustificativo de enfermidade ou accidente que dá lugar á ausencia do posto de traballo sen que proceda a incapacidade temporal.
- No caso de que o dereito non o xere o persoal funcionario docente, ademais do documento anterior, deberase presentar fotocopia cotexada do libro de familia, da inscrición no Rexistro Oficial de Parellas de Feito, ou certificado de convivencia expedido polo concello.
- Documento acreditativo das limitacións que lles impiden asistir sos cando se solicite o permiso para acompañar as fillas e fillos maiores de idade ou ao cónxuxe ou parella de feito.
- Documento acreditativo de que non se podan valer por si mesmos para acudir á consulta cando se solicite o permiso para o acompañamento os familiares de primeiro grao.
- Documento acreditativo de que non existen familiares de primeiro grao ou de que estes son maiores e non poden atendelos cando xere o dereito un familiar en segundo grao. Así mesmo deberá xustificarse que o acompañamento é por causa de enfermidade moi grave que necesita seguimento médico estrito e que o familiar se segundo grao non se pode valer por si mesmo para acudir á consulta.
- Documento acreditativo da presenza do persoal funcionario docente no centro escolar ao que asisten os seus fillos/as ou menores ao seu cargo dentro da xornada de traballo con motivo das titorías convocadas polo centro escolar ou das reunións de coordinación do centro de educación especial.

Permiso da nai biolóxica por nacemento

Art. 17

1. Substitúe o permiso por parto.
2. O Real decreto lei 6/2019 establece unha duración de dezaseis semanas para este permiso, pero na Comunidade Autónoma de Galicia a súa duración é de vinte e dúas semanas, de conformidade coa redacción actual do artigo 121 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
3. A duración deste permiso ampliarase nos casos e polos períodos que a continuación se determinan:
 - a) Discapacidade do fillo: unha semana máis.
 - b) Partos múltiples: unha semana máis por cada fillo a partir do segundo.
 - c) Partos prematuras e aqueles nos que, por calquera outra causa, o neonato deba permanecer hospitalizado a continuación do parto, tantos días como o neonato se encontre hospitalizado, ata un máximo de trece semanas. Para estes efectos, serán tidos en conta os internamentos hospitalarios iniciados durante os trinta días naturais seguintes aos do parto.
4. Nos casos de falecemento da nai, o exercicio do dereito a este permiso corresponderá ao outro proxenitor, e descontarase, se é o caso, o período de duración do permiso consumido pola nai falecida.
5. A nai biolóxica non poderá ceder unha parte deste permiso ao outro proxenitor.
6. Se non traballan os dous proxenitores, o permiso terá que gozarse de forma ininterrompida.
7. Este permiso poderase gozar a tempo completo ou a tempo parcial, en réxime de media ou dun terzo da xornada.

Cando o permiso se goza a tempo parcial, a súa duración ampliarase proporcionalmente en función da xornada de traballo que se realice. O gozo do permiso a tempo parcial poderase solicitar tanto ao inicio deste como nun momento posterior e poderase estender a todo o período da súa duración ou a unha parte.

8. No caso de que ambos os proxenitores traballen e transcorridas as seis primeiras semanas de descanso obrigatorio, o período de gozo deste permiso poderase levar a cabo de maneira interrompida e exercitarse desde a finalización do descanso obrigatorio posterior ao parto ata que o fillo ou a filla cumpra doce meses. No caso de gozo interrompido requirirase, para cada período de gozo, un aviso previo de polo menos 15 días e realizarase por semanas completas.
9. No suposto de falecemento do fillo ou filla, o período de duración do permiso non se verá reducido, agás que, unha vez finalizadas as seis semanas de descanso obrigatorio, se solicite a reincorporación ao posto de traballo.
10. Durante o gozo deste permiso poderase participar nos cursos de formación que convoque a Administración.

Retribuído Anexo IV X.T.

- Certificado médico oficial, certificado do nacemento do Rexistro Civil ou presentación do libro de familia que acredite a data en que se produciu o nacemento.
- Se o inicio do permiso se produce antes do parto, presentarase o documento xustificativo de atoparse no período de dez semanas anteriores ao parto.
- No caso de que o permiso se amplíe por discapacidade da filla ou fillo: documento acreditativo desa discapacidade.
- No caso de que o permiso se amplíe por parto prematuro ou pola hospitalización do neonato: documento acreditativo da condición de prematuro ou da hospitalización.

Permiso por adopción, por garda con fins de adopción, ou acollemento temporal ou permanente

Art. 18

1. O Real decreto lei 6/2019 establece unha duración de dezaseis semanas para este permiso, pero na Comunidade Autónoma de Galicia a súa duración é de vinte e dúas semanas, de conformidade coa redacción actual do artigo 122.1 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
2. A duración deste permiso ampliarase nos casos e polos períodos que a continuación se determinan:
 - a) Discapacidade do menor adoptado ou acollido, ou por garda con fins de adopción: unha semana máis.
 - b) Por garda con fins de adopción, acollemento ou adopción múltiple: unha semana máis por cada menor adoptado ou acollido a partir do segundo.
3. Seis semanas deberán gozarse a xornada completa de forma obrigatoria e ininterrompida inmediatamente despois da resolución xudicial pola que se constitúe a adopción ou ben da decisión administrativa de garda con fins de adopción ou acollemento.
4. O cómputo do prazo contarase, por elección do proxenitor, a partir da decisión administrativa de garda con fins de adopción ou acollemento, ou a partir da resolución xudicial pola que se constituía a adopción sen que en ningún caso un mesmo menor poida dar dereito a varios períodos de gozo deste permiso.
5. A persoa que estea a gozar deste permiso non poderá cederlle unha parte del á persoa que estea a gozar do permiso do outro proxenitor.
6. Se non traballan os dous proxenitores, o permiso terá que gozarse de forma ininterrompida.
7. O permiso poderase gozar a tempo completo ou a tempo parcial, en réxime de media ou dun terzo da xornada.
Cando o permiso se goza a tempo parcial, a súa duración ampliarase proporcionalmente en función da xornada de traballo que se realice. O gozo do permiso a tempo parcial poderase solicitar tanto ao inicio deste como nun momento posterior e poderase estender a todo o período da súa duración ou a unha parte.
8. No caso de que ambos os proxenitores traballen e transcorridas as seis primeiras semanas de descanso obrigatorio, o período de gozo deste permiso poderá levarse a cabo de maneira interrompida e exercitarse desde a finalización do descanso obrigatorio posterior ao feito causante ata que o fillo ou filla cumpra doce meses. No caso de gozo interrompido

requirirase, para cada período de gozo, un aviso previo de polo menos 15 días e realizarase por semanas completas.

Se o fillo ten máis de doce meses, o permiso gozarse de forma ininterrompida.

9. O persoal funcionario público que estea gozando do permiso do outro proxenitor por razón de adopción, por garda con fins de adopción, ou acollemento, tanto temporal como permanente, pode facer uso deste permiso, con carácter ininterrompido, inmediatamente a continuación da finalización do período de duración daquel nos seguintes supostos:
 - a) Cando a persoa titular do dereito falecese con anterioridade a utilización íntegra do permiso.
 - b) Se a filiación do outro proxenitor non estivese determinada.
 - c) Cando a resolución xudicial ditada en proceso de nulidade, separación ou divorcio, iniciado con anterioridade á utilización do permiso, se lle recoñece á persoa que estea gozando del a garda do fillo ou filla.
10. Se fose necesario o desprazamento previo dos proxenitores ao país de orixe do adoptado, nos casos de adopción ou acollemento internacional, terase dereito, ademais, a un permiso de ata tres meses de duración, fraccionables á elección da persoa titular do dereito, percibindo durante ese período exclusivamente as retribucións básicass.
Con independencia do permiso de ata tres meses previsto no parágrafo anterior e para o suposto previsto no devandito parágrafo, o permiso por adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, tanto temporal como permanente, poderá iniciarse ata catro semanas antes da resolución xudicial pola que se constituía a adopción ou da efectividade da decisión administrativa ou xudicial de acollemento.
11. Durante o gozo deste permiso poderase participar nos cursos de formación que convoque a Administración.

Retribuído Anexo IV X.T.

- Resolución administrativa/xudicial de adopción ou acollemento, na cal figure, de ser o caso, o carácter internacional da adopción ou acollemento.
- No caso de que o permiso se amplíe por discapacidade do/da neno/a adoptado/a ou acollido/a: documento acreditativo da devandita discapacidade.
- Se a adopción é internacional, presentarase documentación oficial acreditativa da tramitación da devandita adopción, co obxecto de autorizar o inicio do permiso con anterioridade á data na que esta se produza. Posteriormente, deberá presentarse a correspondente resolución xudicial de adopción.


Permiso retribuído para as funcionarias e as laborais en estado de xestación

Art. 17 bis

As funcionarias e as laborais en estado de xestación terán dereito a un permiso retribuído a partir do día primeiro da semana 37 de embarazo e ata a data do parto.

Retribuído Anexo IV X.T.

No suposto de xestación múltiple, este permiso poderase iniciar o primeiro día da semana 35 de embarazo e ata a data do parto.

 - O permiso será concedido pola xefatura territorial correspondente logo de solicitude acompañada da documentación xustificativa pertinente.

Permiso do outro proxenitor diferente da nai biolóxica por nacemento, garda con fins de adopción, acollemento ou adopción dun fillo ou filla


Art. 19

1. Terá unha duración de dezaseis semanas das que as seis semanas inmediatas posteriores ao feito causante serán, en todo caso, de descanso obrigatorio.
2. A duración deste permiso ampliarase nos casos e polos períodos que a continuación se determinan:
 - a) Discapacidade do fillo: unha semana máis.
 - b) Partos múltiples: unha semana máis por cada fillo a partir do segundo.
 - c) Partos prematuros e aqueles nos que, por calquera outra causa o neonato deba permanecer hospitalizado a continuación do parto, tantos días como o neonato se encontre hospitalizado, ata un máximo de trece semanas. Para estes efectos serán tidos en conta os internamentos hospitalarios iniciados durante os trinta días naturais seguintes aos do parto.
3. O persoal empregado público que estea gozando do permiso da nai biolóxica por nacemento, ou por adopción, por garda con fins de adopción, ou acollemento, tanto temporal como permanente, pode facer uso deste permiso, con carácter ininterrompido, inmediatamente a continuación da finalización do período de duración daquel nos seguintes supostos:
 - a) Cando a persoa titular do dereito falecese con anterioridade á utilización íntegra do permiso.
 - b) Se a filiación do outro proxenitor non estivera determinada.
 - c) Cando na resolución xudicial ditada nun proceso de nulidade, separación ou divorcio, iniciado con anterioridade á utilización do permiso, se lle recoñece á persoa que estea gozando del a garda do fillo ou filla.
4. A persoa titular deste permiso non poderá cederlle unha parte del á nai biolóxica ou á persoa que goza do permiso por adopción, por garda con fins de adopción, ou acollemento, tanto temporal como permanente.
5. Se non traballan os dous proxenitores, o permiso terá que gozarse de forma ininterrompida.
6. Este permiso poderase gozar a tempo completo ou a tempo parcial, en réxime de media ou dun terzo da xornada.

Cando o permiso se goza a tempo parcial, a súa duración ampliarase proporcionalmente en función da xornada de traballo que realice. O gozo do permiso a tempo parcial poderase solicitar tanto ao inicio deste como nun momento posterior e poderase estender a todo o período da súa duración ou a unha parte.

7. No caso de que ambos os proxenitores traballen, e transcorridas as seis primeiras semanas, o período de gozo deste permiso poderase levarse a cabo:
 - De maneira ininterrompida.
 - De maneira interrompida. Neste caso poderá exercitarse:
 - a) Desde a finalización do descanso obrigatorio posterior ao parto ata que o fillo ou filla cumpra doce meses. Neste caso, requirirase, para cada período de gozo, un aviso previo de polo menos 15 días e realizarse por semanas completas.
 - b) Con posterioridade á semana dezaseis do permiso por nacemento. Neste caso, se o proxenitor que goza deste último permiso solicítase a acumulación do tempo de lactación dun fillo menor de doce meses en xornadas completas, será ao remate dese período cando se iniciará o cómputo das dez semanas restantes do permiso do proxenitor diferente da nai biolóxica, que deberá completar o seu permiso de forma ininterrompida.
8. No suposto de falecemento do fillo ou da filla, o período do permiso non se verá reducido, agás que, unha vez finalizadas as seis semanas de descanso obrigatorio se solicite a reincorporación ao posto de traballo.
9. Durante o gozo deste permiso poderase participar nos cursos de formación que convoque a Administración.

Retribuído Anexo IV X.T.

 - Fotocopia cotexada do libro de familia ou inscrición do nacemento no Rexistro Civil ou certificación da inscrición no Rexistro ou fotocopia cotexada da resolución administrativa ou xudicial de adopción ou acollemento.

- No caso de que sexa a nai quen faga uso deste permiso e en función da circunstancia que orixine este dereito, deberase achegar o documento que acredite o dereito da nai a facer uso del.

Disposicións xerais dos permisos por parto, adopción ou acollemento e do outro proxenitor por nacemento, acollemento ou adopción dun fillo

Art. 20

1. Nos casos de permiso por parto, adopción ou acollemento e o regulado no artigo 18 desta orde, o tempo transcorrido durante o gozo destes permisos computarase como de servizo efectivo para todos os efectos, garantíndose a plenitude de dereitos económicos do persoal funcionario durante todo o período de duración do permiso e, se é o caso, durante os períodos posteriores ao gozo deste se, de acordo coa normativa aplicable, o dereito a percibir algún concepto retributivo se determina en función do período de gozo do permiso.
2. Os funcionarios que fixesen uso do permiso por parto, adopción ou acollemento e o regulado no artigo 18 desta orde terán dereito, unha vez finalizado o período de permiso, a reintegrarse ao seu posto de traballo nos termos e nas condicións que non lles resulten menos favorables ao gozo do permiso, así como a beneficiarse de calquera mellora nas condicións de traballo ás cales puidesen ter dereito durante a súa ausencia.
3. O persoal funcionario interino ou substituto docente que non estivese prestando servizos e reunise os requisitos para estar gozando

dos permisos de parto, adopción ou acollemento, o regulado no artigo 18 desta orde, o permiso por lactación ou a licenza por risco no embarazo terá dereito a ser chamado para as interinidades e substitucións que lle correspondan, tomando posesión coa finalidade de que os servizos que lle correspondería prestar lle sexan recoñecidos para os efectos administrativos e os económicos cando non tivese dereito ás prestacións correspondentes. No suposto de que no momento da finalización do permiso estivese vixente o nomeamento de interinidade ou substitución, terá dereito a optar pola incorporación á praza. No caso contrario cesará nela tamén para os efectos administrativos.

Poderán, Poderán, tamén, tomar posesión coa pretensión de solicitar a excedencia por coidado de familiar regulada no artigo 176 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Retribuído Anexo IV X.T.


Permiso por razón de violencia de xénero sobre a muller funcionaria

Art. 21

As faltas de asistencia das funcionarias vítimas da violencia de xénero, totais ou parciais, terán a consideración de xustificadas polo tempo e nas condicións en que así o determinen os servizos sociais de atención ou de saúde, segundo proceda, a través do correspondente informe

que deberá presentarse nos sete días inmediatos seguintes ao feito causante.

Retribuído Anexo IV X.T.

 - Acreditarase mediante calquera das fórmulas sinaladas no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Permiso para a asistencia a actividades de formación do profesorado

Art. 22

1. Actividades de formación organizadas polo servizos centrais da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
A admisión a estas actividades implica o permiso para asistir a elas. Este permiso seralles notificado á inspección educativa e á dirección do centro segundo o modelo que se establece no anexo I desta orde.
2. Actividades de formación organizadas polos centros de formación e recursos.
O profesorado só poderá asistir ás actividades organizadas polos centros de formación e recursos fóra do seu horario lectivo.
3. Actividades de formación organizadas polas universidades, organizacións sindicais, asociacións profesionais ou similares.
O profesorado que desexe participar en calquera actividade de formación organizada polas universidades, organizacións sindicais, asociacións profesionais ou similares que se desenvolvan, total ou parcialmente, en horario lectivo, deberán solicitar o permiso correspondente, segundo o procedemento que segue:
O profesorado interesado formularalle a súa solicitude á xefatura territorial, a través da dirección do centro, que a tramitará acompañada dun informe no cal se indiquen as posibles repercusións que a ausencia do devandito profesor ou profesora tería na actividade docente, así como as medidas que se adoptarán para paliar, dentro do posible, as incidencias previstas, segundo o modelo que se publica como anexo II desta orde. Para a posible autorización teranse en conta, entre outros, os seguintes criterios:

- a) Relación entre a actividade solicitada e a función que desempeña o profesor ou profesora.
- b) Repercusión positiva da actividade formativa na calidade educativa do centro.
- c) Repercusión da ausencia do profesor ou profesora na actividade docente do centro.
- d) Número de profesores ou profesoras do centro que asisten, simultaneamente, a actividades de formación.

Estas solicitudes serán sometidas a informe da inspección educativa, que verificará os criterios anteriormente mencionados co fin de garantir a obxectividade e homoxeneidade na concesión das autorizacións.

As solicitudes e o informe da dirección do centro deberán ter entrada na xefatura territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria cunha antelación mínima de dez (10) días ao inicio da actividade formativa. En todo caso, estar en posesión da autorización, segundo o modelo do anexo III, será un requisito necesario para asistir a actividades de formación en horario lectivo.

As faltas de asistencia do profesorado ás súas actividades lectivas, por ter asistido con autorización a actividades formativas, xustificaranse coa certificación de asistencia a elas, que se xuntará ao parte mensual de faltas. En todo caso, o profesorado **terá dereito a gozar de ata un máximo de catro días lectivos** para realizar actividades de formación.

Retribuído Anexo I, II, III DIR

Licenza por asuntos propios

Art. 23

1. Por asuntos propios poderáselle conceder ao persoal funcionario licenzas sen retribución dunha duración acumulada que **non poderá exceder tres meses cada dous anos**.
2. Durante o gozo desta licenza o persoal funcionario está en situación de servizo activo e, polo tanto, suxeito ao réxime xeral de incompatibilidades regulado na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.
3. A concesión desta licenza subordinarase, en todo caso, ás necesidades do servizo e, con carácter xeral, **non terá unha duración inferior a cinco días. Os días da concesión da licenza serán naturais.**

Non retribuído Anexo IV X.T.

Licenza por enfermidade

Art. 24

As licenzas por enfermidade fixaranse de acordo co réxime da Seguridade Social a que pertenza o persoal funcionario e cos dereitos económicos establecidos na normativa vixente.

Retribuído Anexo IV X.T.

Licenza por risco no embarazo ou durante o período de lactación natural

Art. 25

1. Nos casos de risco no embarazo previstos na lexislación de prevención de riscos laborais nos que non sexa posible a adaptación das condicións de traballo, ou esta non elimine o risco, nin sexa posible o cambio de posto ou de funcións da funcionaria embarazada, esta **ten dereito a unha licenza durante o período de tempo necesario para a protección da súa saúde e da do feto mentres persista a imposibilidade de reincorporarse ao seu posto de traballo ou a outro posto compatible co seu estado**.
2. Así mesmo, nos casos de risco durante o período de lactación natural do fillo menor de doce meses previstos na lexislación de prevención de riscos laborais, as funcionarias teñen dereito a unha licenza nos mesmos termos regulados na alínea anterior.
3. Garántese a plenitude de dereitos económicos das funcionarias durante o período de gozo das licenzas reguladas neste artigo nos termos previstos na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Retribuído Anexo IV X.T.

Licenza por estudos

Art. 26

As funcionarias e funcionarios docentes terán dereito a gozar de licenzas por estudos de acordo coa normativa vixente e as convocatorias que para o efecto realice a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. As licenzas previstas neste artigo pódenselle conceder igualmente ao persoal funcionario en prácticas que xa estivese prestando servizos remunerados na Administración como persoal funcionario de carreira durante o tempo que se prolongue o curso selectivo ou o período de prácticas. Se os servizos como persoal funcionario de carreira se prestasen na mesma Administración na que se adquiriu a condición de persoal funcionario en prácticas, poderá optarse entre percibir as retribucións básicas que correspondan como persoal funcionario de carreira ou as retribucións previstas para o persoal funcionario en prácticas. Se os servizos como persoal funcionario de carreira se prestasen nunha Administración distinta daquela na que se adquiriu a condición de persoal funcionario en prácticas, percibiranse necesariamente as retribucións fixadas nesta última para o persoal funcionario en prácticas.

Retribuído Anexo IV X.T.

Licenzas para a participación en proxectos ou programas de cooperación para o desenvolvemento e de acción humanitaria

Art. 27

1. Pódense conceder licenzas ao persoal funcionario para a participación en proxectos ou programas de cooperación para o desenvolvemento e de acción humanitaria **por un período non superior a seis meses**, nos casos nos que non proceda o outorgamento da comisión de servizos prevista na alínea cuarta do artigo 26 da Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento, ou na norma que o substitúa. Estas licenzas poderán ter carácter retribuído nos supostos e cos requisitos que, se fose o caso, se determinen.
2. A concesión das licenzas reguladas neste artigo está subordinada, en todo caso, ás necesidades do servizo.

Retribuído Anexo IV X.T.

Licenzas para supostos de hospitalización prolongada

Art. 28

O persoal terá dereito a unha licenza sen retribución de **ata un mes de duración** no caso de hospitalización prolongada por enfermidade grave ou enfermidade que implique repouso domiciliario do ou da cónxuxe, da parella de feito ou de parentes que convivan co traballador ou coa traballadora.

Retribuído Anexo IV X.T.

Vacacións do persoal funcionario docente

Art. 29

1. O persoal funcionario ten dereito, por ano completo de servizos, a vacacións retribuídas de, como mínimo, vinte e dous días hábiles anuais, ou dos días que correspondan proporcionalmente se o tempo de servizos efectivos durante o ano fose menor. Non obstante, o persoal funcionario terá dereito ao gozo dos seguintes días de vacacións, por ano completo de servizos, ao completar os anos de antigüidade que a continuación se indican:

Quince anos de servizo:	Vinte e tres días hábiles
Vinte anos de servizo:	Vinte e catro días hábiles
Vinte e cinco anos de servizo:	Vinte e cinco días hábiles
Trinta ou máis anos de servizo:	Vinte e seis días hábiles

 Cando o persoal funcionario non complete o ano de servizos, terá dereito aos días de vacacións que lle correspondan proporcionalmente ao tempo de servizos efectivos prestados.
2. **Para estes efectos, non se considerarán como días hábiles os sábados.**
3. O persoal funcionario docente gozará das súas vacacións nos períodos non lectivos e, preferentemente, no mes de agosto e, se fose o caso, nos días do mes de xullo que procedan.
4. Cando as situacións do permiso de parto, ou por adopción ou acollemento, ou por lactación, ou do outro proxenitor por nacemento, acollemento ou adopción dun fillo, risco durante a lactación, risco durante o embarazo ou incapacidade temporal impidan iniciar o gozo das vacacións dentro do ano natural ao que corresponden, ou se unha vez iniciado o período vacacional sobreviñese unha das ditas situacións, o período vacacional poderase gozar aínda que tivese rematado o ano natural ao que correspondan e sempre que non transcorresen máis de dezaioito meses a partir do final de ano no que se orixinasen as devanditas vacacións.
5. Sen prexuízo do anterior, as funcionarias ou funcionarios docentes que estean ou inicien o permiso por parto, ou por adopción ou acollemento, ou por lactación, ou do outro proxenitor por nacemento, acollemento ou adopción dun fillo, no transcurso do mes de agosto, non se considerará que gozaron das vacacións durante o mes de xullo, polo que terán dereito aos días de vacacións que correspondan, segundo a data de inicio ou de finalización do permiso.

Retribuído Anexo IV X.T.



ANPE
SINDICATO INDEPENDENTE

Reducións de xornada con retribucións

Art. 30

1. Redución de xornada por coidado dun familiar

Por ser preciso atender ao coidado do cónxuxe ou parella de feito, dun familiar de primeiro grao de consanguinidade ou afinidade, ou dun menor en acollemento preadoptivo, permanente ou simple, por razóns de enfermidade moi grave, o persoal funcionario docente terá dereito a solicitar unha redución de ata o 50 % da xornada laboral, con carácter retribuído, e polo prazo máximo dun mes, prorrogable en circunstancias excepcionais e atendendo á extrema gravidade da enfermidade padecida ata unha duración máxima de dous meses. Se houber máis dun titular deste dereito polo mesmo feito causante, o tempo de gozo desta redución poderase ratear entre eles, respectando, en todo caso, o prazo máximo dun mes ou, se é o caso, de dous meses. Excepcionalmente, poderá gozar desta redución un familiar en segundo grao cando non existan superviventes de primeiro grao ou estean incapacitados para atender o seu coidado.

Esta redución será concedida logo do informe da inspección médica educativa.

Poderase solicitar con anterioridade á resolución un informe da comisión autonómica de inspectores médicos de educación.

A duración da redución non poderá ser inferior a sete días naturais. Esta poderá ser prorrogada logo da petición do persoal interesado e do informe da inspección médica educativa, sen que a súa duración acumulada poida exceder do prazo máximo dun mes ou, se é o caso, de dous meses. A redución de xornada finalizará se variasen as circunstancias que deron lugar á súa concesión. Se a súa finalización implique o inicio do gozo do permiso por falecemento, a substituta ou substituto continuará prestando servizos ata o remate deste último.

2. Para atender ao coidado dun fillo menor que padeza cancro

Para atender ao coidado dun fillo menor de idade por natureza ou adopción, ou nos supostos de acollemento preadoptivo, permanente ou simple dun menor, que padeza cancro (tumores malignos, mela nomas e carcinomas) ou calquera outra enfermidade grave que implique un ingreso hospitalario de longa duración ou hospitalización a domicilio das mesmas características, e requira a necesidade do seu coidado directo, continuo e permanente acreditado polo informe do servizo de saúde correspondente e a inspección médica educativa, concederase unha redución de polo menos a metade da duración da xornada de traballo, como máximo ata que o menor faga os dezaioito anos, sempre que ambos os dous proxenitores, adoptantes ou acolleedores de carácter preadoptivo, permanente ou simple, traballen. Cando concorran en ambos os dous proxenitores, adoptantes ou acolleedores de carácter preadoptivo, permanente ou simple, polo mesmo suxeito e feito causante, as circunstancias necesarias para ter dereito a esta redución de xornada ou, de ser o caso, poidan ter a condición de beneficiarios da prestación establecida para este fin no réxime da Seguridade Social que lles sexa aplicable, é requisito para a percepción das retribucións íntegras durante o tempo que dure a redución da xornada de traballo que o outro proxenitor, adoptante ou acolleedor de carácter preadoptivo, permanente ou simple non cobre as súas retribucións íntegras en virtude deste permiso ou como beneficiario da prestación establecida para este fin no réxime da Seguridade Social que lles sexa aplicable. En caso contrario, só se terá dereito á redución de xornada, coa conseguinte redución de retribucións.

O cancro ou enfermidade grave que padeza o menor deberá implicar un ingreso hospitalario de longa duración que requira o seu coidado directo, continuo e permanente, durante a hospitalización e tratamento continuado da enfermidade. Considéranse, así mesmo, como ingreso hospitalario de longa duración a continuación do tratamento médico ou o coidado de menor en domicilio tras o diagnóstico e hospitalización pola enfermidade grave.

Cando exista recaída do menor polo cancro ou a mesma enfermidade grave que necesite coidados directos, deberá acreditarse a necesidade da continuación do tratamento médico, así como do coidado directo, continuado e permanente do menor polo proxenitor, adoptante ou acolleedor, mediante un novo informe médico do mesmo facultativo que asinou o informe inicial ou da persoa que o substitúa e da inspección médica educativa.

Este permiso concederase por un período inicial dun ano, prorrogable por períodos de seis meses cando subsista a necesidade de coidado directo, continuo e permanente do menor, que se acreditará mediante o informe do facultativo correspondente e da inspección médica educativa e, como máximo, ata que este cumpra os 18 anos.

O permiso suspenderase nas situacións de incapacidade temporal, durante os períodos de descanso por parto e paternidade e nos supostos de risco durante o embarazo e, en xeral, cando concorra calquera causa de suspensión da relación funcional do solicitante.

O permiso extinguirase polas seguintes circunstancias:

- Polo cesamento na redución de xornada, calquera que sexa a súa causa.
- Por non existir a necesidade de coidado directo, continuo e permanente do menor debido á melloría do estado de saúde ou á alta médica por curación ou falecemento.
- Por cesamento do outro proxenitor na súa actividade laboral.
- Por cumprir o menor os 18 anos de idade.

Así mesmo, o persoal funcionario ao cal se lle conceda este permiso ten a obriga de comunicar calquera circunstancia que implique a suspensión ou extinción do dereito ao permiso, e o órgano competente en materia de persoal poderá levar a cabo as actuacións necesarias para comprobar que segue cumprindo os requisitos esixidos para a concesión do permiso.

3. Para adaptación progresiva da xornada laboral para tratamentos oncolóxicos

O persoal funcionario e o persoal laboral que se reincorporen ao servizo efectivo cando finalice un tratamento de radioterapia ou quimioterapia poderá solicitar unha redución da metade da xornada de traballo. A xefatura territorial poderá conceder esta redución cando coadxuve á plena recuperación funcional da persoa ou evite situacións de especial dificultade ou penosidade no desempeño do seu traballo. Esta redución poderase estender ata un mes desde a alta médica, ampliable por un mes máis cando o persoal xustifique a persistencia no seu estado de saúde das circunstancias derivadas do tratamento de radioterapia ou quimioterapia.

Retribuído Anexo IV X.T.

Artigo 30.1.- Redución de xornada por coidado dun familiar:

- Fotocopia cotexada do libro de familia.
- Documento médico que acredite o carácter moi grave da enfermidade.
- No caso de que o dereito á redución da xornada o orixine un familiar en segundo grao, deberase achegar documento que acredite que non existen superviventes de primeiro grao ou ben que, existindo, estean incapacitados para atender o seu coidado.

Artigo 30.2.- Redución de xornada por coidado de filla ou fillo menor afectada/o por cancro ou outra enfermidade grave:

- Informe médico do menor.
- Fotocopia cotexada do libro de familia ou inscrición do nacemento no Rexistro Civil ou certificación da inscrición no Rexistro ou, de ser o caso, documentación acreditativa do acollemento ou adopción.
- Vida laboral do outro proxenitor que acredite a súa condición de asalariado.
- Certificado acreditativo de que o outro proxenitor do menor non cobra as súas retribucións íntegras en virtude desta redución ou como beneficiario da prestación establecida para este fin no réxime da Seguridade Social que lle sexa de aplicación.


Artigo 30.3. Para adaptación progresiva da xornada laboral para tratamentos oncolóxicos, a solicitude irá acompañada da documentación que achegue a persoa interesada para acreditar a existencia desta situación, e a Administración deberá resolver sobre ela nun prazo de tres días, logo do informe da inspección médica educativa.

Redución de xornada por violencia de xénero**Art. 31**

Asímesmo, as funcionarias vítimas de violencia de xénero, para facer efectiva a súa protección ou o seu dereito á asistencia social integral, terá dereito á redución da xornada coa diminución proporcional da retribución ou á reordenación do tempo de traballo, a través da adaptación do horario, da aplicación do horario flexible ou doutras

formas de ordenación do tempo de traballo, cando iso sexa posible en función da organización do propio centro e do horario do alumnado.

Retribuído Anexo IV X.T.

 - Acreditarase mediante calquera das fórmulas sinaladas no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Redución de xornada con diminución de retribucións**Art. 32****1. Redución de xornada por garda legal**

Por razóns de garda legal, cando o persoal funcionario docente se encargue do coidado directo dalgún menor de doce anos, dunha persoa maior que requira especial dedicación ou dunha persoa con discapacidade que non desempeñe unha actividade retribuída, terá dereito a unha redución dun terzo ou dun medio da xornada de traballo, coa diminución proporcional das súas retribucións.

Terá o mesmo dereito o persoal funcionario que precise encargarse do coidado directo do cónxuxe ou parella de feito ou dun familiar ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade que, por razóns de idade, accidente ou enfermidade, non se poida valer por si mesmo e que non desempeñe actividade retribuída.

A concesión da redución de xornada por razón de garda legal será incompatible coa realización de calquera outra actividade, sexa ou non remunerada, durante o horario que foi obxecto da redución.

A percepción dunha pensión por un diminuído físico ou psíquico non é equiparable ao desempeño de actividade retribuída.

Esta redución de xornada poderase acumular co permiso por lactación dun fillo menor de doce meses.

A redución de xornada abranguerá na proporción que se conceda ao horario lectivo, horario complementario fixo e horario semanal de permanencia no centro.

A concesión da redución de xornada, en función da organización do centro, poderá eximir da obrigatoriedade de impartir docencia durante todos os días da semana.

2. Redución de xornada por interese particular

O persoal funcionario docente terá dereito a unha redución de media xornada de traballo por interese particular coa diminución proporcional das súas retribucións.


A redución de xornada abranguerá na proporción que se conceda ao horario lectivo, horario complementario fixo e horario semanal de permanencia no centro.

A concesión da redución de xornada, en función da organización do centro, poderá eximir da obrigatoriedade de impartir docencia durante todos os días da semana.

3. Para facer efectivo o dereito á protección e a asistencia social integral, o persoal funcionario que sufrise danos físicos ou psíquicos como consecuencia da actividade terrorista, o seu cónxuxe ou parella de feito e as fillas e fillos dos feridos e falecidos, sempre que posúan a condición de persoal funcionario e de vítimas do terrorismo de acordo coa lexislación vixente, así como o persoal funcionario ameazado nos termos do artigo 5 da Lei 29/2011, do 22 de setembro, de recoñecemento e protección integral ás vítimas de terrorismo, logo do recoñecemento do Ministerio de Interior ou dunha sentenza xudicial firme, terán dereito á redución da xornada con diminución proporcional da retribución, ou á reordenación do tempo de traballo, a través da adaptación do horario, da aplicación do horario flexible ou doutras formas de ordenación do tempo de traballo que sexan aplicables, nos termos que regulamentariamente se determinen.

Estas medidas serán adoptadas e mantidas no tempo en tanto que resulten necesarias para a protección e asistencia social integral da persoa á que se lle concede, xa sexa por razón das secuelas provocadas pola acción terrorista, xa sexa pola ameaza á que se atope sometida, nos termos previstos regulamentariamente.

Retribuído Anexo IV X.T.

 32.1.- Redución de xornada por garda legal:

- Copia cotexada da resolución administrativa ou xudicial pola que se lle outorga a garda legal á persoa que solicita a redución, así como, se é o caso, da idade, da discapacidade ou especial dedicación que requira a persoa que xera o dereito a solicitar a redución de xornada.
- Fotocopia cotexada do libro de familia.
- Certificado da Administración tributaria ou copia da última declaración da renda conforme a persoa que xera o dereito á redución non desempeña actividade retribuída.
- Promesa ou declaración xurada da persoa que fai uso da redución conforme non realizará ningún tipo de actividade, remunerada ou non, durante o horario que foi obxecto da redución.

X.T.: Competencia Xefe Territorial**DIR: Competencia Director****Imprevistos****Art. 33**

No caso de imprevistos, indisposicións ou enfermidades leves non superiores a tres días, a dirección do centro poderá aceptar as xustificacións non documentais do persoal funcionario docente **ata un máximo de vinte e catro períodos lectivos durante o curso escolar.** Cando se superen estes períodos lectivos ou sexa rexeitada a xustificación pola dirección do centro, as faltas deberanse xustificar sempre documentalmente.

Retribuído Anexo IV DIR

Modalidades**Art. 172**

A excedencia voluntaria do persoal funcionario de carreira pode adoptar as seguintes modalidades:

- a) Excedencia por interese particular.
- b) Excedencia por prestación de servizos no sector público.
- c) Excedencia por agrupación familiar.
- d) Excedencia por coidado de familiares.
- e) Excedencia por razón de violencia de xénero.
- f) Excedencia por razón de violencia terrorista.

Engádesse a letra f) polo número quince do artigo 5 da Lei 4/2021, 28 xaneiro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 19, do 29 de xaneiro de 2021).

**Excedencia por interese particular****Art. 173**

1. O persoal funcionario de carreira pode obter a excedencia por interese particular cando teña prestados servizos efectivos en calquera das administracións públicas durante un período mínimo de tres anos inmediatamente anteriores á solicitude. Para reingresar no servizo activo será preciso que se permanecese nesta situación polo menos un ano.
2. A concesión da excedencia por interese particular queda subordinada ás necesidades do servizo debidamente motivadas. Non pode declararse cando ao persoal funcionario se lle instrúa expediente disciplinario.
3. Así mesmo, o persoal funcionario de carreira será declarado na situación de excedencia por interese particular:
 - a) Cando non tome posesión no prazo establecido dun posto de traballo adxudicado por concurso ou por libre designación, nos supostos e termos que regulamentariamente se determinen.
 - b) Cando se encontre á disposición do órgano competente ou adscrito provisionalmente a un posto de traballo e incumpra as obrigas establecidas na alínea quinta do artigo 97.
- c) Cando, finalizada a causa que determinou o paso a unha situación administrativa distinta á de servizo activo, incumpra a obriga de solicitar o reingreso ao servizo activo nos prazos previstos por esta lei.
- d) Cando pase a prestar servizos en calquera Administración pública, organismo, axencia ou entidade do sector público como persoal funcionario interino ou como persoal laboral con contrato temporal ou sexa declarado indefinido por sentenza xudicial firme, ou en entidades que queden excluídas da consideración de sector público para os efectos do previsto na letra b) da alínea primeira do artigo 174.
4. As persoas que se atopen na situación de excedencia por interese particular non devindicarán retribucións nin será computable o tempo que permanezan nela para os efectos de ascensos, trienios e dereitos no réxime de Seguridade Social que sexa aplicable.

D.X.**Excedencia por prestación de servizos no sector público****Art. 174**

1. Sen prexuízo do disposto na normativa sobre incompatibilidades, procede declarar, de oficio ou por solicitude da persoa interesada, na situación de excedencia por prestación de servizos no sector público
 - a) O persoal funcionario de carreira que acceda, por promoción interna ou por outros sistemas de acceso, a outros corpos ou escalas en calquera Administración pública e non lle corresponda quedar noutra situación administrativa.
 - b) O persoal funcionario de carreira que pase a prestar servizos como persoal laboral fixo ou como persoal directivo con contrato laboral de alta dirección en calquera Administración pública ou en organismos, axencias ou entidades do sector público. Para estes efectos, considéranse incluídas no sector público as sociedades mercantís e fundacións que reúnan os requisitos exixidos pola lexislación aplicable segundo a Administración pública á que estean vinculadas ou da cal dependan.
 2. As persoas que se atopen na situación de excedencia por prestación de servizos no sector público non devindicarán retribucións nin será computable o tempo que permanezan nela para os efectos de ascensos, trienios e dereitos no réxime da Seguridade Social que sexa aplicable.
- Malia o disposto no parágrafo anterior, no suposto regulado na letra b) da alínea primeira deste artigo, o tempo de servizos prestados en organismos, axencias ou entidades do sector público computarase só para os efectos de antigüidade, unha vez que se reingrese ao servizo activo, coa excepción dos prestados en sociedades mercantís ou fundacións.

D.X.

Excedencia por agrupación familiar

Art. 175

1. O persoal funcionario de carreira ten dereito á excedencia por agrupación familiar, **sen que sexa exixible o requisito de ter prestado un tempo mínimo de servizos previos nin un prazo de permanencia nela, cando o cónxuxe ou a parella de feito resida noutra localidade porque obtivo e está desempeñando un posto de traballo de carácter definitivo como persoal funcionario de carreira ou como persoal laboral fixo en calquera das administracións públicas, dos organismos públicos e das entidades de dereito público vinculadas ou dependentes delas, nos órganos constitucionais ou do poder xudicial e órganos similares das comunidades autónomas, así como na Unión Europea ou en organizacións internacionais.**
2. As persoas que se atopen na situación de excedencia por agrupación familiar non devindarán retribucións nin será computable o tempo que permanezan nela para os efectos de ascensos, trienios e dereitos no réxime da Seguridade Social que sexa aplicable.

D.X.

Excedencia por razón de violencia de xénero

Art. 177

1. As funcionarias vítimas de violencia de xénero, para facer efectiva a súa protección ou o seu dereito á asistencia social integral, teñen dereito a solicitar a situación de excedencia sen que sexa exixible o requisito de que prestasen un tempo mínimo de servizos previos nin un prazo de permanencia nesta situación.
2. Durante os seis primeiros meses de permanencia nesta situación tense dereito á reserva do posto de traballo que se desempeñase, e o devandito período computarase para os efectos de antigüidade, carreira e dereitos no réxime da Seguridade Social que resulte aplicable. Cando as actuacións xudiciais así o esixan, este período prorrogarase por prazos de tres meses, ata un máximo total de dezaoito, con idénticos efectos aos sinalados anteriormente, co fin de garantir a efectividade do dereito de protección da vítima.
3. **Durante os tres primeiros meses da excedencia regulada neste artigo, a funcionaria ten dereito a percibir as súas retribucións íntegras e, de ser o caso, as prestacións familiares por fillo a cargo.**
4. **As funcionarias interinas teñen dereito á excedencia regulada neste artigo, ben que a reserva do posto de traballo se manterá unicamente mentres non concorra ningunha das causas de cesamento previstas para esta clase de persoal nesta lei.**

Retribuído (3 meses) D.X.

Excedencia por coidado de familiares

Art. 176

1. O persoal funcionario de carreira ten dereito **a un período de excedencia por coidado de familiares de duración non superior a tres anos, sen que sexa exixible o requisito de que prestase un tempo mínimo de servizos previos,** nos seguintes casos:
 - a) Para atender ao coidado de cada fillo, tanto cando o sexa por natureza como por adopción ou acollemento permanente ou preadoptivo, contando desde a data de nacemento ou, de ser o caso, da efectividade da resolución xudicial ou administrativa.
 - b) Para atender ao coidado dun familiar que se atope ao seu cargo, ata o segundo grao inclusive de consanguinidade ou afinidade, cando, por razóns de idade, accidente, enfermidade ou discapacidade, non poida valerse por si mesmo e non desempeñe unha actividade retribuída.
2. Pódese facer uso de forma fraccionada do período da excedencia regulada neste artigo.
3. O período de excedencia será único por cada suxeito causante. Cando un novo suxeito causante dea orixe a unha nova excedencia, o inicio do período desta poñerá fin, de ser o caso, ao que se viñese gozando.
4. No caso de que dúas persoas xeren o dereito á excedencia regulada neste artigo polo mesmo suxeito causante, a Administración poderá limitar o seu exercicio simultáneo por razóns xustificadas relacionadas co funcionamento dos servizos.
5. Durante o período de excedencia, o desempeño de actividades retribuídas está suxeito a autorización previa consonte as regras establecidas na normativa sobre incompatibilidades.
6. **O tempo de permanencia na situación regulada neste artigo compútase para os efectos de trienios, carreira e dereitos no réxime da Seguridade Social que sexa aplicable, e reservarase o posto de traballo que se ocupe con carácter definitivo. Se se ocupa un posto de traballo con carácter provisional, a reserva manterase mentres o posto non se cubra polos procedementos previstos nesta lei.**
7. **O persoal funcionario que se encontre na situación regulada neste artigo pode participar nos cursos de formación que convoque a Administración.**
8. O persoal funcionario interino ten dereito á excedencia regulada neste artigo, ben que a reserva do posto de traballo se manterá unicamente mentres non concorra ningunha das causas de cesamento previstas para esta clase de persoal nesta lei.
9. No caso de gozo desta excedencia polo período máximo de duración, o reingreso ao servizo activo solicitarase cun prazo de antelación dun mes respecto da data de finalización do período máximo legalmente establecido para esta excedencia.

Engadido o apartado 9 do artigo 176 polo número dezaseis do artigo 5 da Lei 4/2021, 28 xaneiro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm.19, do 29 xaneiro de 2021).

D.X.

Excedencia por razón de violencia terrorista

Art. 177 bis

De acordo coa lexislación básica estatal, o persoal funcionario que sufrise danos físicos ou psíquicos como consecuencia da actividade de terrorista, así como o ameazado nos termos do artigo 5 da Lei 29/2011, do 22 de setembro, de recoñecemento e protección integral ás vítimas do terrorismo, **contando co previo recoñecemento do Ministerio do Interior ou cunha sentenza xudicial firme, terá dereito a gozar dun período de excedencia nas mesmas condicións que as vítimas de violencia de xénero.**

A devandita excedencia será autorizada e mantida no tempo en tanto que resulte necesaria para a protección e asistencia social integral da persoa á que se concede, xa sexa por razón das secuelas provocadas pola acción terrorista, xa sexa pola ameaza á que se atopa sometida, nos termos previstos regulamentariamente.

Engadido o artigo 177 bis polo número dezoito do artigo 5 da Lei 4/2021, 28 xaneiro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm.19, do 29 de xaneiro de 2021).

Reingreso ao servizo activo

Art. 178

- Finalizada a causa que determinou a declaración dunha situación de excedencia voluntaria das reguladas neste capítulo ou o prazo máximo de duración dela, o persoal funcionario de carreira está obrigado a solicitar o reingreso ao servizo activo no prazo dun mes, excepto no suposto previsto no artigo 176.9. Unha vez acordado o reingreso, está igualmente obrigado a tomar posesión do correspondente posto de traballo no prazo dun mes, contado desde o día seguinte a aquel en que se lle notifique o reingreso. O incumprimento destas obrigacións determinará a declaración na situación de excedencia voluntaria por interese particular.
- O reingreso ao servizo activo do persoal funcionario de carreira que non teña reservado o posto de traballo efectuarase mediante a participación nas convocatorias de concurso ou de libre designación para a provisión de postos de traballo.
- Así mesmo, o reingreso ao servizo activo poderá efectuarse por adscrición provisional a un posto de traballo, de acordo coas necesidades do servizo e sempre que se reúnan os requisitos exixidos para ocupar o posto, nos termos regulados polo artigo 97.

Número 1 do artigo 178 redactado polo número dezasete do artigo 5 da Lei 4/2021, 28 xaneiro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm.19, do 29 de xaneiro de 2021).

Situación de excedencia forzosa

Art. 179

- O persoal funcionario de carreira será declarado de oficio na situación de excedencia forzosa cando, unha vez concluído o período de suspensión firme ou de suspensión provisional por condena a penas que non supoñan inhabilitación ou suspensión de emprego ou cargo público, pero determinen a imposibilidade de desempeñar o posto de traballo, solicite o reingreso ao servizo activo nos termos e prazos que se establecen nesta lei e non o poida obter por falta de posto vacante con dotación orzamentaria.
- O persoal funcionario de carreira que se atope na situación de excedencia forzosa ten dereito a percibir as retribucións básicas e, de ser o caso, as prestacións familiares por fillo a cargo, así como ao cómputo do tempo que permaneza nela para os efectos de trienios e dereitos no réxime da Seguridade Social que resulte aplicable. Se as retribucións básicas que corresponda percibir foren inferiores ao salario mínimo interprofesional, complementaranse ata alcanzar a contía deste.
- O persoal funcionario de carreira que se encontre na situación de excedencia forzosa está suxeito ás seguintes obrigas:
 - Participar nos concursos convocados para postos adecuados ao seu corpo ou escala, solicitando estes postos.
 - Aceptar os destinos adecuados ao seu corpo ou escala que se lle ofrezan.
 - Participar nos cursos de formación a que sexa convocado.
 - Non desempeñar postos de traballo no sector público baixo ningún tipo de relación funcional ou contractual, agás nos supostos excepcionais establecidos pola normativa sobre incompatibilidades e logo da correspondente autorización.
- O incumprimento de calquera das obrigas establecidas na alínea anterior determinará a declaración da situación de excedencia voluntaria por interese particular ou, no caso previsto pola letra d), a declaración da situación que corresponda consonte o previsto polo artigo 174 desta lei.



Suspensión de funcións

Art. 180

1. O persoal funcionario declarado na situación de suspensión quedará privado durante o tempo de permanencia nela do exercicio das súas funcións. Así mesmo, non poderá prestar servizos en ningunha Administración ou institución pública nin nos organismos, axencias ou entidades de dereito público vinculados ou dependentes delas durante ese período de tempo.
2. A suspensión de funcións pode ser provisional ou firme.
3. Pódese acordar a suspensión de funcións con carácter provisional do persoal funcionario, incluído o persoal funcionario interino, con ocasión da tramitación dun expediente disciplinario nos termos

establecidos polo artigo 195, así como nos supostos de procesamento penal previstos no artigo seguinte.

4. A suspensión firme de funcións impoñerá ao persoal funcionario, incluído o persoal funcionario interino, en virtude dunha sentenza ditada en causa criminal ou en virtude de sanción disciplinaria, así como nos supostos de condena penal previstos no artigo seguinte. O persoal funcionario declarado na situación de suspensión firme de funcións quedará privado durante o tempo de permanencia nela, ademais do exercicio das súas funcións, de todos os dereitos inherentes á súa condición.

Suspensión de funcións por razón de procesamento ou condena penal

Art. 181

1. Cando na tramitación dun procedemento penal se acorde a prisión provisional ou outras medidas que determinen a imposibilidade de desempeñar o posto de traballo, o persoal funcionario, incluído o persoal funcionario interino, será declarado na situación de suspensión provisional de funcións por todo o tempo a que se estenda a prisión provisional ou as devanditas medidas.
O persoal funcionario que se encontre no suposto previsto nesta alínea ten dereito a percibir durante o período de suspensión as retribucións básicas e, de ser o caso, as prestacións familiares por fillo a cargo, e manterá, en todo caso, o posto de traballo que ocupase con carácter definitivo.
2. Así mesmo, o persoal funcionario, incluído o persoal funcionario interino, que teña a condición de imputado nun procedemento penal no que non se acorde a prisión provisional nin outras medidas que determinen a imposibilidade de desempeñar o posto de traballo

poderá ser declarado motivadamente na situación de suspensión provisional de funcións polo tempo durante o cal manteña a devandita condición, de así o xustificar a natureza dos feitos imputados. O persoal funcionario que se encontre no suposto previsto nesta alínea ten dereito a percibir durante o período de suspensión a totalidade das súas retribucións e manterá, en todo caso, o posto de traballo que ocupase con carácter definitivo. O tempo de suspensión será computable para os efectos de ascensos, trienios e dereitos no réxime de Seguridade Social que sexa aplicable.

3. Finalizado o procedemento penal con sentenza firme que impoña penas que non supoñan a inhabilitación ou suspensión de emprego ou cargo público, pero determinen a imposibilidade de desempeñar o posto de traballo, declararase a situación de suspensión firme de funcións ata o total cumprimento da condena, con perda do posto de traballo cando exceda seis meses.

Reingreso ao servizo activo


Art. 182

1. Se se revogar a prisión provisional ou as medidas que determinen a imposibilidade de desempeñar o posto de traballo, deberase acordar a inmediata reincorporación do persoal funcionario ao seu posto de traballo, salvo que resulte aplicable o previsto na alínea segunda ou na alínea terceira do artigo anterior. Procederáse do mesmo xeito no suposto previsto na alínea segunda do devandito artigo cando se levante a imputación á persoa afectada.
Se o procedemento penal rematar definitivamente sen atribución de responsabilidade penal á persoa imputada, o tempo de duración da suspensión provisional computarase como de servizo activo, con recoñecemento de todos os dereitos económicos e demais que procedan desde a data de suspensión.
2. Finalizada a suspensión firme de funcións, o persoal funcionario de carreira está obrigado a solicitar o reingreso ao servizo activo

no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao de finalización da devandita situación. O incumprimento desta obriga determinará a declaración na situación de excedencia por interese particular.

3. O reingreso ao servizo activo do persoal funcionario de carreira que non teña reservado o posto de traballo que ocupase con carácter definitivo efectuarase mediante a participación nas convocatorias de concurso ou de libre designación para a provisión de postos de traballo.
Así mesmo, o reingreso ao servizo activo poderá efectuarse por adscrición provisional a un posto de traballo, de acordo coas necesidades do servizo e sempre que se reúnan os requisitos exixidos para ocupar o posto, nos termos regulados polo artigo 97.

CÓMPUTO DOS GRAOS DE PARENTESCO



ANPE GALICIA

Edificio Witland
Camiños da Vida s/n, Planta 2.^a - Of. 4C
15705 Santiago de Compostela
981 552 393 · galicia@anpe.es

ANPE CORUÑA

Rúa Fernando Macías, 10 - 1.º A3
15004 A Coruña
981 271 915 · acoruna@anpe.es

ANPE CORUÑA - Sede Santiago

Edificio Witland
Camiños da Vida s/n, Planta 2.^a - Of. 4C
15705 Santiago de Compostela
981 552 393 · santiago@anpe.es

ANPE LUGO

San Roque, 94-98 - Entpla. Esq.
27002 Lugo
982 227 912 · lugo@anpe.es

ANPE OURENSE

Progreso, 83 - 1.º D
32004 Ourense
988 255 852 · ourense@anpe.es

ANPE PONTEVEDRA-VIGO

República Argentina, 10 - Entrechán ofic. 3
36201 Vigo - Pontevedra
986 437 043 · pontevedra@anpe.es

www.anpegalicia.es